

Expediente IET: P-19-669
Proxecto: Parque eólico Banzas
Concello: Outes, Negreira e Mazaricos (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 02/12/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Banzas.

1. Antecedentes:

Con data do 14/12/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase a adecuación formal do EIIP a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe e ao Regulamento da Lei 7/2008, ao tempo que se concluíu que as análises do impacto non resultaban axustadas á entidade do proxecto e indicábanse criterios e recomendacións para o axuste das medidas preventivas e correctoras.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Informe:

A documentación achegada está composta por dúas respostas ao anterior informe do IET con datas de 11/01/21 e 12/04/21, e a actualización do EIIP do proxecto para se axustar ás distintas consideracións efectuadas polo IET. Neste novo EIIP se amplían os contidos do estudo de visibilidade (coa incorporación de novas infografías do impacto visual dende puntos singulares), unha xustificación da adaptación do proxecto ás Directrices de paisaxe, e dous novos apéndices; un adicado á análise de peches tradicionais e outro un acordo co CMVMC de Fontemourente (Mazaricos) para a instalación de pantallas vexetais.



O novo EIIP achegado ven a mellorar parte das eivas nas análises do impacto visual determinadas no informe do IET do 14/12/2020. Así, incorpora novas infografías e análises de incidencia dende puntos singulares de observación e amplía as medidas correctoras do impacto. Non obstante, cómpre sinalar as seguintes cuestións:

- En canto as medidas correctoras do impacto visual dende os núcleos de poboación propostas no EIIP, considéranse axeitadas en cuanto a súa localización e disposición. Cabe sinalar que, de entre as especies propostas a distancias superiores a 50 metros dos núcleos, suxírese optar preferentemente por frondosas (bidueiros e/ou carballos), por ser especies usadas tradicionalmente nas sebes vexetais entre predios e toda vez que permiten unha maior insolación dos cultivos adxacentes no inverno. Respecto das especies para distancias inferiores a 50 metros, non se considera axeitado o uso de laranxeiras, toda vez que non é unha especie utilizada tradicionalmente para sebes vexetais (directriz de paisaxe DX 17 epígrafe b.3). En calquera caso, estas plantacións deben estar consensuadas cos propietarios afectados, de acordo ao disposto nas directriz de paisaxe DX.20 epígrafe c.
- Respecto do estudo do impacto sobre os muros tradicionais de pedra en seco recollido no apéndice I, valórase positivamente o inventario e caracterización realizada pero non así as conclusións do informe. Tal e como se indica no estudo, trátase dunha técnica catalogada como ben do patrimonio cultural inmaterial de Galicia e forma parte da Lista Representativa do Patrimonio Cultural de la Humanidad. Por tanto, a expresión desta técnica construtiva debe ser avaliada e protexida como un ben de interese cultural, etnográfico e paisaxístico, independentemente de que non se conserven na súa integridade perimetral debido a procesos de reestruturación parcelaria, da cualificación profesional dos construtores e da data de construción (directrices de paisaxe CU.01 epígrafe c, CU.04 epígrafe a). En canto ás medidas preventivas/correctoras establecidas neste informe, fronte aos impactos directos identificados, unicamente se propón a restitución, na medida do posible, e coa mesma técnica tradicional. Esta medida correctora considérase axeitada sempre que se garanta a reposición do muro afectado no novo bordo da vía e naqueles casos nos que o impacto é inevitable por tratarse de vías con muros a ambos lados da vía ou nos que se precisa a súa apertura parcial para abrir unha nova vía. Sen embargo, nos casos das vías nas que existe posibilidade de desprazar o seu novo eixo cara a algún bordo libre de muros, ou nas que poda modificarse a traza da vía, as medidas deben ser preventivas en lugar de correctoras co obxecto de buscar a conservación, como pode ser o caso dos muros codificados como V04, V05, V06, V07, V08, V09, V10, V12, V14 (directriz de paisaxe DX.17 epígrafe 4). Nestes casos o proxecto deberá adecuar a traza para evitar o impacto ou xustificar a súa inviabilidade técnica.
- O acordo efectuado coa comunidade CMVMC de Fontemourente (Mazaricos) para a plantación de pantallas vexetais de amortecemento visual recollido no apéndice II, propón pantallas para mitigar impactos do proxecto sobre o lugar "alto do Cotro", e os derivados do aeroxerador BZ-08 sobre os lugares de interese paisaxístico da ferverza e a ermida de Santa Locaia, e a Fraga de Vilariño de Chacín. Respecto a esta proposta non é posible a súa avaliación, toda vez que se descoñece a localización de ditas pantalla e a especie elixida. Salvo no caso da Ermida de Santa Locaia, non existe correlación de obxectivos respecto das pantallas propostas e grafadas no EIIP. No caso das orientadas a mitigar o impacto sobre o "Alto do Cotro", esta proposta pode ser contraproducente, toda vez que poden resultar contraditorias para a conservación das vistas panorámicas do miradoiro (directriz de paisaxe DX.26 epígrafe c). Por tanto, o EIIP debe concretar a especie vexetal e as localizacións previstas para as pantallas/sebes arbóreas.





- Respecto da proposta de creación dunha área recreativa na contorna do miradoiro, para a avaliación paisaxística de dita medida compensatoria, o proxecto debe especificar polo miúdo as características da proposta que, en todo caso debe respectar as Directrices de paisaxe e seguir os criterios definidos na *Guía de boas prácticas para a identificación en acondicionamento de miradoiros* dispoñible na paxina web da Xunta de Galicia.

Por tanto, para os efectos do disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei, o novo EIIP debe completarse de acordo aos criterios e consideracións anteriormente expresados. Unha vez introducidas no EIIP as emendas expresadas, deberá someterse a un novo informe deste organismo.

Lémbrese que, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

